

O PLENO MUNICIPAL APROBA POR UNANIMIDADE AS PROPOSTAS DE AER PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA LOCAL CONTRA INCENDIOS FORESTAIS



A Agrupación de Electores de Redondela (AER) presentou a debate un conxunto de propostas no pleno do pasado xoves 17 de xaneiro para que dende o goberno local se adopten unha serie de medidas de índole local para a defensa e prevención de incendios forestais.

As medidas postas enriba da mesa pasarían por mellorar as condicións, medios e coñecemento no que se refire á problemática dos incendios forestais de cara a estar ben preparados como concello de cara a cando se volva dar un novo episodio. Así pois aprobouse executar as seguintes propostas:

1. **Mellora das dotacións do servizo de emerxencias para a extinción de incendios.** Xestionar para acadar axudas e recursos para a adquisición de máis medios, en base ás necesidades materiais dos servizos de emerxencias de Redondela.
2. **Dotación de batelumes e mochilas de auga ás comunidades de montes.** Dotar de material básico de extinción de incendios ás comunidades de montes en cada parroquia, de cara a que cando teñan unha urxencia poidan contar cuns mínimos recursos para unha autodefensa inicial nas súas propiedades no caso de incendio.
3. **Creación de rede de hidrantes** en puntos claves das parroquias de cara a que os servizos de extinción teñan, en condicións de extrema urxencia, puntos de carga rápidos e cómodos. Esta rede apoiarase tanto na rede pública de subministro de auga como na rede propia das Comunidades de Augas parroquiais, contando con apoio da administración local.
4. **Apoio á creación de franxas verdes nos montes** , especialmente nos montes veciñais de cara a establecer as primeiras barreiras de seguridade no caso dun incendio forestal e que poidan servir de zona de ataque e contención do lume moito antes de que cheguen as zonas habitadas. Poderíanse contemplar convenios de xestións destas zonas de cara a que o Concello poida realizar accións específicas de xestións da biomasa, repoboación con frondosas caducifolias ou creación de sistemas silvopastorais. Poderíanse canalizar axudas específicas a través da administración para a mellora destas zonas e mesmo enfocar os plans de emprego para actuar nestas zonas. Tamén cabería a posibilidade de establecer liñas de axudas con entidades que custodien o territorio e actúen neste senso.

5. **Educación ambiental/forestal** mediante a realización de xeito periódico de accións formativas nas diferentes parroquias sobre temática relacionada co eido forestal e a defensa e prevención de incendios forestais:

- Medidas de autodefensa e prevención de incendios forestais de zonas habitadas.
- Planificación e ordenación forestal de cara a minimizar o risco de incendio forestal.
- Certificación forestal como medio de posta en valor da xestión do monte.
- Usos alternativos do monte de cara á multifuncionalidade.

A Agrupación de Electores considera para que estas medidas sexan exitosas, deberían implantarse coa colaboración, aportacións e compromiso dos diversos actores implicados, xa sexan os servizos de emerxencia locais, as comunidades de montes e outras entidades de custodia do territorio, as comunidade de augas, etc.

Redondela, 18 de xaneiro de 2019